

FLORENTINA GARCÍA GALÁN (FLORINA)



Profesora do IES Martaguisela desde a creación deste centro no ano 1970 ata a súa xubilación. Sempre desenvolveu a súa profesión na vila barquense, primeiro na *Academia de los Hermanos Dequidt* así como no Colexio Divina Pastora, pero será no Instituto de Bacharelato do Barco onde transcorra a meirande parte da súa vida profesional.

Se ben mestras e profesoras eran profesións con importante presenza feminina, non foi habitual que estas ocupasen os cargos de máxima responsabilidade na dirección dos centros educativos. Neste caso tiveron que pasar dez anos para que unha muller fose nomeada directora do Instituto de

Bacharelato. Florina foi esa primeira directora. Sobre a súa vida e experiencia como docente e directora mantivemos esta pequena entrevista

De orixe asturiana, naceu o 4 de abril de 1931 en Pajares del Puerto (Oviedo). A complicada situación dos primeiros anos da posguerra fixo que se incorporase con retraso á escola primaria. Ao rematar esta, cursa Bacharelato no Instituto Feminino de Oviedo para despois ingresar na universidade da mesma cidade onde se licenciará en Filosofía e Letras, Sección de Románicas no 1955. Da súa vida como estudante destaca que foi motivadora xa que sempre amosou interese por aprender, pero tamén lembra o esforzo e responsabilidade que lle supuxo. “A verdade que non foi fácil. Sempre estudei con bolsa, tanto no Bacharelato como na facultade. Daquela eran escasas, e acceder a unha requiría unhas notas moi altas que obrigaba a unha constante superación”.

P. Atopou dificultades na universidade por ser muller, había moitas mulleres cando comezou os seus estudos?

Non, a miña condición de muller nunca foi unha dificultade engadida á hora de estudar. Na facultade de Filosofía e Letras a maioría de estudantes eramos mulleres. É máis, na miña



AS NOSAS PIONEIRAS

promoción, dunha trintena de estudantes só cinco ou seis eran homes. O ambiente era claramente feminino, mandabamos nós e a eles non lles quedaba outra que adaptarse. Non lembro que houbera actitudes machistas pola súa parte.

Filosofía e Letras era unha carreira moi ligada ao ensino, e ser mestra ou profesora eran das poucas profesións con recoñecemento social ás que se podían dedicar as mulleres.

P. Que a trouxo ata aquí, tiña algún tipo de relación con esta bisbarra?

A Valdeorras cheguei nada máis rematar na universidade e foi puro azar. Daquela, para poder dar clase era preciso realizar prácticas nun centro de ensino oficial, e en Oviedo resultábame imposible poder facelo, porque a oferta era moi pequena, xa que só había dous institutos de ensino medio e os centros privados destas características tamén eran escasos, así que fun ao Colexio Oficial de Licenciados e déronme unha listaxe cos centros homologados onde podía realizar as prácticas docentes. Na lista figuraba a *Academia Hermanos Dequidt* no Barco, e sen saber case nada do sitio escollín vir aquí. O feito de que a vila tivera estación de tren, así como a súa proximidade a Ponferrada e Monforte levoume a pensar que había de ser un bo lugar, e a intuición non me fallou.

Naquel momento non imaxinaba que o que nun principio ían ser uns meses de prácticas, ao final resultou ser toda unha vida, porque aínda que vin por motivos laborais, a estes sumáronse despois os persoais ao crear una familia aquí no Barco. Este feito determinou que toda a miña vida profesional se desenvolvera nesta vila.

P. Como chegou a ser profesora de IES Martaguisela, e cal foi a súa traxectoria nel?

Ao instituto, que daquela non tiña nome actual cheguei o mesmo ano da súa inauguración, que foi no curso 1970-71. Este centro, actual IES Martaguisela, naceu como Sección Delegada Mixta, dependente do Instituto Masculino de Ourense (actual IES Blanco Amor), e nel permanecín ata a miña xubilación, primeiro como profesora interina, e poucos anos despois obtiven a praza de profesora agregada de Lingua e Literatura española. Respecto disto, a verdade é que fun afortunada, porque a diferenza de moitos compañeiros que viñan destinados desde sitios tan afastados como Madrid ou Andalucía, eu tiven a sorte de poder estar sempre no Barco, o que me permitía compatibilizar vida profesional e familiar. Para poder asegurar praza no centro, e non ter



AS NOSAS PIONEIRAS

que desprazarme fóra do Barco mentres fun interina impartía Latín e Grego, materias afíns á miña especialidade, que era Lingua e Literatura Española.

P. Como foron os comezos no instituto, había moitas mulleres profesoras?

Dos primeiros anos, lembro un ambiente relaxado e cordial entre todos os compañeiros. O grupo de profesores era pequeno ao principio e creo que as mulleres eramos máis da metade do claustro. A presenza feminina era importante, especialmente nas áreas de letras, aínda que había de todo.

P. Sabemos que foi a primeira muller directora do centro. Como foi o proceso para chegar a ser directora?

Certo, fun a primeira muller que exerceu ese cargo no curso 1980-81 e desempeñei esta función durante catro anos. Desde o mesmo ano da súa creación, as mulleres sempre desempeñaron diversos cargos directivos, pero nunca a Dirección propiamente dita. Agora ben o meu nomeamento non foi voluntario nin desexado pola miña parte, senón que foi por orde da Inspección. A pesar de manifestar a miña rotunda oposición ao mesmo, non me quedou outra que asumilo con total implicación e procurando sempre facelo o mellor posible.

P. Como foron eses anos na Dirección?

Os dous primeiros anos foron moi bos, e a pesar das preocupacións que xeraba o cargo a experiencia foi moi positiva e teño gratos recordos. A responsabilidade e traballo do cargo neste caso víase acrecentada porque non só exercía de directora no Barco, senón tamén das seccións que se crearan un ano antes en Viana do Bolo, Pobra de Trives e A Rúa. Aínda que todos eles tiñan Xefes de Estudos propios, a Dirección dos mesmos recaía en min. Ao final ademais de ser a primeira Directora do instituto do Barco, tamén o fun do resto de institutos da zona.

Pola contra os últimos foron malos, tanto que ao finalizar o terceiro ano presentei a miña renuncia, que non me foi aceptada, e o último tamén. Despois deste paso obrigado pola Dirección, sempre rexeitei os ofrecementos que me fixeron de formar parte dun equipo directivo.

P. Cal foi o mellor momento como directora?



AS NOSAS PIONEIRAS

Non sabería dicilo... Se ben o cargo foi por imposición, dos primeiros anos gardo excelentes recordos e como xa dixen a experiencia foi moi boa.

P. E o máis difícil?

Non se tratou dun acontecemento ou momento en particular, foi máis ben unha situación xeral durante os dous últimos cursos do meu mandato. Penso que a orixe do problema estivo na incorporación de novo profesorado con unha visión e un concepto diferente da práctica do ensino da que tiñamos o equipo directivo. Non se trataba de cuestións persoais, senón de discrepancias motivadas por visións opostas sobre como debía ser a organización e vida académica do centro.

P. Sentiu algunha discriminación á hora de desenvolver o cargo por ser muller?

Nunca, nin como directora nin como profesora. Sempre me sentín respectada e ben tratada por todos os compañeiros, independentemente da miña condición de muller.

P. Tocoulle vivir unha época onde as mulleres deixaban a súa profesión unha vez casaban. Nalgún momento pensou en escoller entre a súa profesión e a vida familiar?

Non, sempre tiveron moi claro que quería unha titulación para facer algo con ela, que era exercer unha profesión. Nunca pensei no ensino como algo temporal para uns poucos anos, senón como o punto de partida para desenvolver unha vida profesional continuada. Sempre me gustou a docencia e non vin ningún motivo para prescindir dela.

P. Despois de corenta anos de profesión, segue a manter lazos co instituto?

A verdade é que non. Lembro que a miña xubilación foi moi celebrada, con varios actos de despedida todos eles moi emotivos. Despois do último, ao chegar o mes de setembro fixen un balance do que fora a miña vida como ensinante recoñecendo erros e acertos e quedei satisfeita co resultado final. Sentínme respectada e querida pola comunidade educativa que era o importante e asumín que pechaba unha páxina da que me quedaban moi bos recordos e que abría outra chea de proxectos, e considerei que me resultaría máis fácil iniciar esa vida á marxe do centro, pero levándoo sempre no recordo. Poucas veces volvíñ pero segue a ser o meu instituto.

Fontes consultadas: Arquivo da Secretaría do IES Martaguisela e Florina García Galán